

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR Á SOLICITUDE DE MATRÍCULA**1) TODOS OS ALUMNOS DE NOVO INGRESO NO CENTRO** Dúas fotografías tamaño carné.**2) TODOS OS ALUMNOS MENORES DE VINTEOITO ANOS.**

- Resgardo do ingreso ou transferencia do importe do Seguro Escolar (1,12 €) feito na conta da entidade bancaria Caixanova n.º.:2080.0132.18.004000.689.8.

3) Alumnos de Matrícula Ordinaria

- Exemplar para o órgano xestor (amarelo) do impreso de liquidación de prezos públicos/privados debidamente cuberto, e selado ou mecanizado pola entidade bancaria validando o ingreso do importe das taxas de matrícula correspondentes.

4) Bolseiros

Solicitud de bolsa académica para o curso 2008/2009, cuberta da forma, cos datos, e a documentación que se establece na convocatoria da mesma.

5) Persoal da Consellería de Educación ou os seus beneficiarios

- Certificado orixinal de dita condición expedido pola Delegación de Educación (no caso dos beneficiarios se non se especifica dita condición na certificación deberán acompañar original e fotocopia de todas as páxinas do libro de familia).

- Exemplar para o órgano xestor (amarelo) da liquidación de prezos públicos/privados debidamente cuberto e selado ou mecanizado pola entidade bancaria polo importe das taxas de servizos xerais (11€) máis o importe das taxas correspondentes as materias nas que se matricule por segundo ou sucesivos anos.

6) Familias Numerosas que non sexan de Honra.

- Original e fotocopia ou copia compulsada do título de Familia numerosa. O título terá que estar en vigor na data de matrícula

- Exemplar para o órgano xestor (amarelo) do impreso de liquidación de prezos públicos/privados debidamente cuberto, e selado ou mecanizado pola entidade bancaria validando o ingreso do 50% do importe das taxas de matrícula correspondentes.

7) Familias Numerosas de Honra.

- Original e fotocopia ou copia cotexada do título de Familia numerosa. O título terá que estar en vigor na data de matrícula.

LIQUIDACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS/PRIVADOSCódigo Delegación (*non ven cuberto no impreso*) 40

Importes a pagar:

- 1) Soamente os alumnos de novo ingreso no centro
Apertura de expediente **19 €**
- 2) Alumnos de matrícula ordinaria, Persoal da Consellería de Educación ou os seus beneficiarios e alumnos de familia numerosa que non sexa de Honra.
Servizos xerais **11 €**
- 3) Alumnos de matrícula ordinaria, *Persoal da Consellería de Educación ou os seus beneficiarios nas materias que se matricula por segundo ano*, e alumnos de familia numerosa que non sexa de Honra:
Número de créditos das asignaturas nas que se matricule X 5 € crédito = **Resultado**
- 4) Alumnos de matrícula ordinaria, Persoal da Consellería de Educación ou os seus beneficiarios e alumnos de familia numerosa que non sexa de Honra, *todos eles nas materias nas que se matricule por terceiro ou sucesivos anos*.
Número de créditos das asignaturas nas que se matricula X 8 € cada crédito = **Resultado**

TOTAL PARA INGRESAR A suma dos importes 1) 2) 3) e 4) = **TOTAL**

- A) Os alumnos pertencentes a familias numerosas ingresarán soamente o **50% do TOTAL**
- B) Os alumnos con cualificación de Matrícula de Honra no curso anterior estarán **EXENTOS DE PAGO NO MESMO NÚMERO DE CRÉDITOS** nos que obtivo dita cualificación, sempre que se trate de materias de primeiro ano de matrícula. Poderán descontalos na suma de créditos do apartado 3).
- C) Os alumnos que se acollan a fraccionamento de pago ingresarán o **50% do TOTAL** ⁽¹⁾ e porán ese importe a ingresar no apartado **1º prazo** na parte inferior do impreso.
- D) Os alumnos de Familias numerosas de Honra estarán **EXENTOS DE PAGO DE TAXAS**.
- E) Os Bolseiros estarán **EXENTOS DE PAGO DE TAXAS**. ⁽²⁾

⁽¹⁾ Os alumnos que se acollan ó fraccionamento de pago ingresarán o importe do 2º prazo no mes de Xaneiro 2009. De non-facelo anularase a matrícula a todos os efectos.

⁽²⁾ Os alumnos que no momento de formalizala matrícula se acollan a exención de prezos por teren solicitado a concesión dunha bolsa de estudos e ós que posteriormente non se lles concedese, estarán obrigados ó aboamento dos prezos públicos. Non efectuar o pagamento produciría automaticamente a anulación de matrícula en todas as disciplinas. Asemade os alumnos ós que se lle conceda bolsa de estudos terán a obriga de presenta no prazo de dez días a partires da recepción da carta de acreditación coma bolseiro fotocopia da mesma na secretaría do Centro.